

C.E.I.P. FRIONS
PLAN DE INTRODUCCIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA
COMUNICACIÓN E DA INFORMACIÓN - CURSO 07-08

I.- INTRODUCCIÓN

O destino deste Plan de Introducción das TIC é o de converterse nunha parte máis do PEC e do PCC e por tanto o de ser asumido polo centro como unha parte da realidade do mesmo e por iso preténdese que este documento se integre nesa realidade, na dinámica de traballo do propio centro continuando co traballo que xa se viña facendo ata agora.

Sabemos que a formación dos distintos membros da nosa comunidade é moi variada, por iso pedimos que cada un se comprometa na medida das súas posibilidades e formación actuais con espírito de equipo e colaboración, aportándonos cousas uns ós outros para fortalecer as experiencias que poidamos levar a cabo e por extensión o noso propio centro.

A idea principal deste proxecto non é que os nosos alumnos aprendan informática, iso xa se irá conseguindo implicitamente na medida en que eles vaian traballando cos medios, senón que as TIC nos sirvan para achegalos a todo un mundo de posibilidades informativas, formativas e de comunicación.

É fundamental que a integración das TIC nas aulas chegue a tódolos rapaces, polo que debemos habilitar, na medida das nosas posibilidades, os recursos e medios necesarios para que os rapaces teñan a oportunidade de aproveitarse destas tecnoloxías e os mestres decidir o seu grao de implicación no uso das mesmas. Non se pretende que as TIC sexan a panacea universal para a aprendizaxe nin que substitúan a algo ou a alguén, senón consideralas como un elemento ou recurso máis co que contamos para acadar uns determinados obxectivos que xa tiñamos propostos. A rendabilidade que poidéramos obter destes recursos non está tanto neles en si mesmos como no uso do que deles se faga. Si, en Internet hai un montón de información pero pode ser unha auténtica perda de tempo se non sabemos cando, para qué e cómo imos utilizala dirixindo ós rapaces da forma máis apropiada. Non é a máquina a que determina a importancia da

mensaxe, senón quen usa esa máquina.

Por último, os contidos deste plan non teñen por qué ser exactamente os que se propoñen a continuación; aínda que tratamos de incluír todo aquilo que nos poidera ser de utilidade, a propia experiencia nas aulas nos indicará que elementos son os máis apropiados para o noso centro e cales debemos modificar ou rexeitar. O mellor plan é aquel que funciona e dá bos resultados.

II.- ESTUDO INICIAL DO CENTRO

A verdade é que no noso centro xa levamos traballando moitos anos na introducción das novas tecnoloxías nos ámbitos educativo e administrativo. Hai sete anos iniciouse a creación dunha rudimentaria "aula de informática" que daquela estaba composta só por catro equipos vellos de segunda man que foron cedidos gratuitamente por bancos e outras institucións; o software corría baixo MS-DOS e Windows 3.1 e comezouse levando á metade dos nenos de cada unidade de primaria unha sesión cada dúas semanas para traballar con xogos educativos. Co paso do tempo fóronse conseguindo novos equipos a través da Consellería, ANPA ou a cargo dos presupostos do propio centro; a Administración creou unha base de infraestrutura de cable para a aula de informática e 3 ou 4 dependencias máis coa inclusión dun enrutador, un switch e un rango propio de direccións IP fixas que nos daban acceso a Internet e instalouse así unha pequena rede local que ampliaba o abano de posibilidades; hai uns anos creouse tamén un sitio web propio para o centro aloxado nos servidores da Consellería; tamén o centro adheríuse o servizo Xade para a xestión administrativa e ademáis ó proxecto Meiga para a xestión integral informatizada de bibliotecas escolares. Hoxe en día, e gracias ó traballo desinteresado do persoal do centro, contamos xa cunha aula de informática bastante decente que supera os 10 postos (aínda que algúns dos aparellos están xa obsoletos) cunha Intranet Educativa instalada sobre un servidor Linux que da servizo ós distintos equipos do centro con punto de acceso á rede así como equipos independentes nalgunhas aulas pero sen acceso á rede local nin a Internet. Nestes últimos cursos vense establecendo un sistema de organización interno para que titores e especialistas poidan explotar estes recursos segundo as súas necesidades. Por tanto pensamos que as novas tecnoloxías xa están suficientemente introducidas no noso centro e que cando os rapaces rematan 6º de primaria e dan o salto ós institutos posúen os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de éxito en vindeiros anos a utilización destas ferramentas en distintos contornos sociais obtendo, procesando e comunicando información.

Nembargantes non podemos pensar que xa está todo feito. Todos sabemos que os avances no eido da informática son considerables a cada ano que pasa: novos sistemas operativos, novo software, novos soportes, hardware máis potente, novas posibilidades,... Polo tanto, para estar ó día neste mundo tan extenso e cambiante e poder ofrecer

ós nosos alumnos e ó resto da comunidade educativa uns coñecementos e servizos actualizados, debemos seguir traballando día a día como ata agora e ir ampliando e mellorando, na medida das nosas posibilidades, os distintos tipos de servizos relacionados coas TIC que o noso centro poidera ofertar.

En canto ó noso alumnado temos unha realidade moi heteroxénea composta por minorías étnicas, inmigrantes, alumnos rebotados doutros centros do concello, alumnos do propio lugar de Frions e moitos doutros sitios do mesmo concello. Procurando atender a toda esta diversidade os ordenadores poden axudarnos a crear entornos amigables con actividades compartidas para favorece-lo traballo en grupos e crear un clima que anime ó traballo cooperativo, polo que non estaría de máis que replantexáramos o noso estilo de traballo ou a nosa metodoloxía para impulsar este tipo de actitudes que poideran favorecer a integración de todo este maremágnun de culturas-estilos de vida para mellorar na medida do posible a convivencia de toda esta diversidade de alumnado.

III.- OBXECTIVOS

3.1.- Obxectivos xerais do centro con relación ás TIC:

- Potencia-lo emprego das novas tecnoloxías como ferramenta de traballo no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Implicar ó profesorado na utilización das TIC na medida das súas posibilidades.
- Favorece-la comunicación e/ou coordinación con outros centros do contorno a través de Internet ou doutros medios para o intercambio de experiencias e todo tipo de información que poidera ser útil para cada unha das partes.
- Ir completando na medida do posible a infraestrutura de cableado no centro con switches en cada unha das plantas e puntos de acceso á rede local para que todas e cada unha das aulas nas que se imparte docencia directa cos rapaces teña un punto de conexión con posibilidades de acceso á rede local e consecuentemente á Intranet e a Internet.
- Tratar de manter actualizado e dinamiza-lo noso sitio web con novos contidos/funcionalidades para favorece-la comunicación e colaboración con toda a comunidade educativa, Administración e con outros centros.
- Actualizar e dinamiza-lo espacio que a ANPA xa posúe no noso sitio web para manter ben informados ó conxunto de pais/nais das actividades anuais e promove-lo uso das TIC en relación ó centro.
- Normaliza-la utilización das TIC en tarefas administrativas para unificar tódolos documentos do centro e tódalas informacións co mesmo formato potenciando o correo electrónico como medio de contacto coas familias para o que sexa preciso.
- Tratar de introduci-las TIC en distintintas situacións relacionadas con actividades docentes como poideran ser fotografías, traballos dos rapaces, revista escolar, etc. dixitalizando o que sexa posible co obxecto de acadar unha óptima manipulación posterior para a súa posible inclusión no noso sitio web, exposicións dixitais, etc. Dacordo

con isto, procurarase edita-la revista escolar en formato dixital ou, no seu defecto, escaneala.

3.2.- Obxectivos para os alumnos:

- Usar todo tipo de materiais e software que facilite a súa aprendizaxe e favorezan a adquisición de todo tipo de habilidades, destrezas e coñecementos.
- Favorecer e potenciar a súa comunicación e intercambio de información con outros compañeiros do seu contorno próximo ou de fóra do seu centro.
- Emprega-los ordenadores como instrumentos de creación, integración e medios de expresión das ideas propias de cada un.

3.3.- Obxectivos para o profesorado:

- Utiliza-las TIC como un recurso máis para perfecciona-la actividade docente e enriquece-la súa formación.
- Emprega-los ordenadores para o seu traballo cotiá e para as actividades de aula, tanto para o seu traballo particular con relación á docencia como para actividades que poideran desenvolve-los seus alumnos.
- Capacitar ó conxunto do profesorado para que sexa autónomo na consulta de información tanto para temas profesionais (concursos, cursos de formación, etc.) como para temas relacionados coa súa actividade docente directamente relacionada cos rapaces.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, actividades, participación en foros, debates, chats,... a través de Internet para enriquece-la súa experiencia docente.

IV.- ORGANIZACIÓN DO PROFESORADO

4.1.- O coordinador:

Pensamos que é necesaria a figura dunha persoa (sempre que sexa posible) que coordine e motive o traballo en relación coas TIC cunha certa liberación de horas de traballo dependendo das necesidades do centro. O/A coordinador/a podería encargarse de:

- Ter ben organizado e clasificado todo o material.
- Ocuparse de arranxar calquera tipo de fallo no hardware nos equipos, substituíndo o material defectuoso por un novo para solucionar-lo problema e no caso de non poder ou non estar capacitado, ocuparse de contactar coa UAC ou no seu defecto con empresas externas á Administración para arranxar-las cousas o antes posible.
- Servir de enlace co asesor das TIC do Centro de Formación e Recursos do Profesorado.
- Servir de enlace e coordinarse con algún dos membros designado polo equipo de biblioteca ou, no seu defecto, co coordinador deste equipo, para asesorar ó mesmo en tarefas relacionadas coas TIC como poideran se-lo mantemento de equipos da biblioteca, copias de seguridade periódicas das bases de datos do programa de xestión, etc.
- Estar ó día de tódolos avances que se produzan en relación coas TIC (hardware, sistemas operativos, software, Administración,...) e relacionarse con outros centros para intercambiar información, experiencias, etc. co obxecto de mellorar periodicamente na medida do posible os servizos que poidera ofrece-lo centro.
- Actualizar de forma periódica a Intranet do centro buscando e instalando novos programas e/ou recursos útiles para o profesorado e informar puntualmente ó mesmo e ó equipo directivo das novas actualizacións.
- Promove-la realización de actividades no centro relacionadas coas TIC.

- Motivar ó resto dos compañeiros e facilita-lo seu traballo orientándoos, apoiándoos e asesorándoos na medida en que se poida.
- Axudar na elaboración de todo tipo de actividades TIC en relación con calquera grupo de alumnos ou outros membros da comunidade educativa (festivais, exposicións, actividades extraescolares, etc.).

4.2.- Os titores.

Os titores deberan se-los principais responsables da integración das TIC nas súas clases e de ocuparse de que cheguen a tódolos alumnos, aproveitando os momentos máis axeitados para que os rapaces poidan disfrutar deses recursos racionalmente. O problema é que non tódolos titores están dispostos a acudir á aula de informática ou de empregar o ordenador da aula. Non todos se implican igual nin teñen o mesmo nivel de interese, aínda que a data de hoxe e coas ratios que temos no noso centro hai aparellos suficientes para que non teñamos que colocar a máis de dous alumnos por equipo.

4.3.- Os especialistas.

Os especialistas teñen tamén o seu espacio propio na nosa intranet (aparte dos recursos que poidan sacar de Internet) e nos equipos que tamén teñen nas súas aulas, como poden se-las de inglés, relixión ou pedagogía terapéutica para traballar aspectos propios das súas asignaturas. Os problemas que poden surxir son similares ós das titorías: enfoca-los contidos en función dos programas e non do traballado na aula e da programación propia, e o número de rapaces por mestre e ordenador.

4.4.- As actividades de formación do profesorado.

Hoxe en día en moitos centros optouse pola realización de actividades de formación como grupos de traballo, seminarios ou proxectos de formación en centros como hai uns anos no noso. Este tipo de formación moitas veces posibilita que se manteña un certo tipo de actividade no centro e que un grupo de mestres atope unha ocasión para reunirse con certa frecuencia e planificar actividades conxuntas en

relación coas TIC aproveitables en maior ou menor medida para o posterior traballo individual nas clases de cada un, polo que sería interesante que houbera unha disposición favorable da maior parte posible dos membros do Claustro cara a este tipo de actividades.

V.- ORGANIZACIÓN DO ALUMNADO

Este tipo de organización sempre dependerá do número de alumnos cos que contemos en cada unha das nosas titorías, do número de ordenadores cos que contamos e do tipo de actividades que queiramos facer con eles. Nas aulas esperamos contar nun futuro próximo con só un ordenador con conexión, polo que será tarefa do titor/especialista a organización das actividades, distribución dos rapaces e demais para aproveitar este tipo de recurso.

Na aula de informática o ideal sería traballar cun alumno por aparello en certas ocasións, aínda que en moitos casos iso é imposible debido ás ratios e á falta de infraestructuras, polo que a maioría das veces vémonos na obriga de traballar con dous rapaces por equipo. Isto pode levarnos a pensar que favorece a distracción, pero se sabemos situalos axeitadamente pode ter outras vantaxes como poideran ser:

- Cooperación no traballo, un traballa e o outro axúdalle.
- Integración no traballo, alumno máis avanzado con outro menos avanzado.
- Competencia, xogos para dous ou máis xogadores nos que cada un se esforza para gañarlle ó outro.

En todo caso, non convén poñer xuntos a rapaces con grandes diferencias pois podemos caer no risco de que un faga todo e outro non faga nada. Sempre é convinte que un alumno axude a outro pero só que lle axude e non que acapare as tarefas. Para iso está o titor que é o que mellor coñece ó seu grupo de clase e as individualidades.

VI.- ORGANIZACIÓN DOS RECURSOS

6.1.- Aula de informática.

No centro existe unha única aula e a ela acuden, ou poden acudir, tódolos alumnos do centro que o precisen, sempre acompañados dalgún mestre. Na sala de mestres haberá unha folla para reservar hora no caso de querer acudir á aula cun grupo de rapaces; unha vez feitas, as reservas respetaranse con todo o rigor, salvo que algún dos mestres se poña en contacto coa persoa que ten a reserva feita para que lle ceda a hora de común acordo; se non existe acordo prevalecerá o dereito da persoa que tiña a hora reservada. Por cuestións de horario poidera ser que un mestre quixera reservar máis dunha hora fixa á semana; nestes casos imponse o diálogo co/s mestre/s que poidera/n resultar afectado/s para chegar a unha solución satisfactoria para todos.

Na aula os rapaces poderán usar a Intranet educativa, que para iso está, ou acceder a Internet baixo a supervisión do mestre que os leve, sempre dirixindo a súa navegación ós sitios web que nos interesen para o noso traballo. Non é convinte dicirlle ós rapaces que naveguen ó seu aire por onde eles queiran pois iso a maioría das veces pode ser unha fonte de infeccións (virus, malware,...) ou instalación nos discos duros dos equipos de software pernicioso que podería dar lugar a ter incluso que reconfigura-lo equipo desde cero. En ningún caso un rapaz poderá usar o servidor onde está aloxada a Intranet, que será de uso exclusivo para persoal docente.

A asistencia á aula de informática obriga a deixar todo ordenado tal e como estaba, ó entrar débese alimentar a aula coa chave da esquerda de todo do cadro eléctrico que está baixo a caixa do "hub" e ó marchar asegurarse de que tódolos elementos (CPUs, monitores e altavoces) estén ben apagados antes de corta-la corrente coa mesma chave. As dúas portas da aula deben permanecer sempre pechadas con chave (o material da aula vale moitos cartos), e cando un mestre colla a mesma para usa-la aula debe anotalo na folla que hai na caixa de chaves da conserxería para que a chave esté localizada en todo momento.

Asimesmo, o mestre tense que facer responsable de que os

rapaces non anden a desconfigura-los equipos nin instalar programas propios; neste sentido, se un mestre precisa instalar calquera tipo de software nos equipos, deberá comunicalo previamente ó/á coordinador/a. Por outra banda, se algún mestre nota calquera tipo de anomalía ou malfuncionamento dalgún dos aparellos ou do servidor, deberá comunicalo o antes posible ó/á coordinador/a aínda que fora culpa del/a (non se lle vai berrar); o que non é de recibo é que marche da aula sabendo que algo non funciona e cale, pois iso perxudicaría ó seguinte grupo de alumnos que quixera usala, podendo terse amañado o problema antes de que iso ocorrese.

6.2.- Equipos das aulas.

O uso que se poida facer destes equipos dependerá sempre das necesidades ou intereses de cada un dos titores ou especialistas, mais sempre respectando unhas normas similares ás anteriormente citadas para os aparellos da aula de informática co obxecto de que se manteñan operativos o maior tempo posible e non haxa que ir amañalos cada dous por tres.

Nestes casos poderíase utilizar unha pedagogía do "curruncho do ordenador" na que tódolos rapaces o utilizan seguindo unha orde preestablecida colocada ben visible a carón do mesmo, podendo leva-lo mestre un rexistro acumulativo de uso de distintas aplicacións informáticas, correo, web, ou para rexistro dos avances nunha aplicación en concreto.

6.3.- Equipos noutras dependencias do centro.

Salvo urxencia, os aparellos do equipo directivo (dirección, secretaría e xefatura de estudos) deben usarse só polos respectivos propietarios para tarefas administrativas e deben estar protexidos por un contrasinal que só eles deben coñecer, para así protexe-la integridade dos datos confidenciais aloxados neles. O mesmo para o aparello do Departamento de Orientación. O que si poideran estar compartidas en caso de necesidade serían as impresoras das respectivas dependencias.

O resto dos equipos da planta baixa (sá de mestres e ordenador

do mestre na biblioteca) serán para uso exclusivo dos mestres, e cada un deles terá unha conta de usuario propia que poderá protexer ou non con contrasinal se así o desexa e que será a que deba utilizar sempre en todo caso, non debendo entrar nunca nas contas de outros compañeiros salvo permiso expreso dos mesmos.

Durante este curso está previsto a instalación de dous equipos máis con conexión na biblioteca en consoancia co proxecto para modernización de bibliotecas escolares elaborado o pasado ano e aprobado pola Consellería. Estes equipos estarían destinados como unha fonte máis de recursos sobre todo para uso, busca e consulta de información en Internet, comunicacións, etc. dos rapaces e outros membros da comunidade educativa como pais de alumnos nuns horarios aínda non establecidos como poidera se-la hora inmediatamente posterior ó remate das clases da tarde dos mércores; sempre con contas de usuario restrinxidas. De tódolos xeitos estarán a disposición de calquera membro do Claustro que precise usalos fóra desas horas, para o que se lle habilitarán tamén as súas respectivas contas.

6.4.- Proxectores e pantallas.

Nestes momentos contamos no centro con dous proxectores e tres pantallas de proxección, unha delas de tamaño considerable. As pantallas son de instalación fixa e unha delas xa está instalada na aula de informática, a outra no salón de actos e a instalación da terceira está por determinar. En canto ós proxectores, en principio pensouse en instalar un deles nun soporte fixo no teito da aula de informática e darlle ó outro un carácter móbil para poder trasladalo e usalo na dependencia do centro que se necesite.

6.5.- Ordenadores portátiles.

No centro existen hoxe en día tres ordenadores portátiles. Un deles ten só o sistema operativo Linux e unha copia da nosa Intranet educativa, preparado coa mesma dirección IP que o servidor da aula de informática para que en caso de emerxencia poida ser conectado á rede local e substituír ó servidor de forma inmediata, polo que deba estar reservado só para esa función aínda que en caso de urxencia podería

ser utilizado por algún dos membros do Claustro que o necesitase. Os outros dous teñen como sistema operativo Windows e están destinados para uso xeral do centro cando calquera membro do Claustro os necesite tanto para uso particular en actividades relacionadas coa profesión como para a aula (uso combinado co proxector, etc). En ningún caso se instalará calquera tipo de software coma xogos non educativos ou outro non relacionado coa nosa profesión.

Poderase prestar un portátil ó mestre que así o solicite para realizar traballos fóra do centro, pero nese caso é obrigatorio pedir permiso á Dirección e especifica-lo tempo que o aparello vai estar fóra do colexio. No caso en que varios mestres quixeran dispoñer dos portátiles e non houberse suficientes para todos, tratarían de chegar a un acordo entre eles para reparti-lo tempo e os recursos; en caso de non haber acordo, a Dirección decidirá en última instancia.

Os portátiles deberán estar sempre baixo control dalgún mestre en todo momento, é dicir, nunca se poderán deixar sós sen vixilancia nalgunha das dependencias do centro mentres se vai facer calquera cousa a outro sitio. Cando non se usen deberán estar sempre gardados baixo chave e localizados sempre nun mesmo sitio para estar a disposición dos mestres.

6.6.- Cámara dixital.

O centro posúe tamén unha cámara dixital. Esta cámara debe ser controlada por un so membro do equipo das TIC quen se encargará de mantela a punto, cargada e coa memoria baleira lista para a súa utilización en calquera tipo de actividade que se execute no centro ou fóra do mesmo. Para iso tódolos membros do Claustro coñecerán á persoa encargada/responsable da cámara e en calquera caso avisarana á hora de facer uso dela, entregándoa posteriormente para que sexa o/a encargado/a quen se encargue de baleira-la cámara nun medio de almacenamento disposto para tal fin e catalogue e teña ben organizada-las fotos para facer uso delas cando sexa preciso.

Neste sentido os usuarios da cámara deberán ter en conta á hora de face-las fotos e/ou publicalas a todos aqueles alumnos que non teñen permiso expreso e por escrito dos pais/titores legais para o uso e/ou publicación da imaxe do/s seu/s fillo/s; permiso que permanece

en poder dos correspondentes titores e que se solicitará a principio de cada curso, polo que é imperativo consultar cos mesmos antes de executar calquera iniciativa.

VII.- O SOFTWARE

7.1.- Software para mestres.

En canto ó software ofimático dirixido máis ben ó traballo administrativo e traballo persoal do profesorado, contamos con algúns paquetes de Microsoft Office con licencia proporcionados pola Consellería, que inclúen procesador de textos, folla de cálculo, base de datos, presentacións,... Nembargantes, o conxunto do profesorado debera reflexionar e pensar un pouco nos problemas que, se xa non a curto se non a medio prazo, conleva este tipo de software: licencias limitadas só para certo número de equipos, desfase nos formatos de arquivo e inmovilismo, falta de actualizacións, importante desembolso económico, etc.

Actualmente a política da Consellería neste sentido está dirixida á introducción paulatina nas institucións dependentes da Administración do software libre, tanto a nivel de sistemas operativos como de aplicacións ofimáticas; fálese de Linux e de Open Office, por exemplo. Neste sentido pensamos que o conxunto do profesorado debera facer un esforzo para irse adaptando progresivamente a este tipo de software (que non lle ten nada que envidiar ó software comercial) e ilo integrando progresivamente non só no seu traballo cotiá no centro se non tamén nos seus domicilios para asegurar unha perfecta compatibilidade. As vantaxes deste tipo de software son incuestionables: posibilidade de instalalo en tódolos equipos que se queiran sen limitación algunha, actualizacións gratuítas desde Internet ou desde a propia Consellería, adaptación e compatibilidade con calquera tipo de novo formato, incluso cos de "suites" comerciais, non nos vai costar un só céntimo nin ó centro nin á Consellería,...

Por todo isto, desde o Equipo de Novas Tecnoloxías deste centro tratarase de impulsar sempre este tipo de software que de seguro cubrirá de sobra tódalas necesidades e tarefas relacionadas coa nosa profesión, actualizarse e estar sempre ó día sen gastar un euro e ser honrados olvidándose para sempre das preocupacións e problemas que nos poidera acarrexar un hipotético "pirateo" informático.

7.2.- Software para os rapaces.

Neste apartado tratarase de ir tamén na liña do anterior. Hoxe en día existen milleiros de pequenas aplicacións educativas que poideran ser catalogadas coma "software libre", sen máis restriccións que a de non obter lucro con elas e que se poden instalar e executar legalmente nun número ilimitado de equipos. Algúns exemplos poideran se-las aplicacións Clic, Ardora, Lim, Hot Potatoes, Neobook, Web Quests e moitas outras publicadas no MEC, Consellerías das CCAA e outros organismos oficiais. As avantaxes deste tipo de aplicacións son considerables: son gratuítas polo que ó centro non lle supón gasto algún; fácil e cómoda adquisición a través de Internet; poden executarse a través dunha rede local, polo que son axeitadas para instalar no servidor da Intranet; poden executarse nun número ilimitado de equipos sen restricción algunha; hai moita variedade e cubren a maioría de aspectos do currículo en tódalas áreas e niveis;...

Tamén dispoñemos dalgunhas aplicacións comerciais adquiridas a cargo dos presupostos do centro. Xeralmente este tipo de aplicacións teñen un deseño máis atractivo e profesional, e son moito máis completas, pero teñen as súas pegas: non son gratuítas polo que ó centro suporalle un gasto ás veces considerable; teremos que ir adquirilas a algún establecemento comercial e mercalas na maioría dos casos "a cegas", pois cáseque non existen demostracións que nos permitan comprobar previamente se poden servir ás nosas necesidades; a maioría non poden executarse a través dunha rede local, é dicir, é necesario sempre introduci-lo disco no lector para poder inicialas e ademáis dannos opción legal para executalas só nun equipo, polo que non son axeitadas para instalar no servidor da Intranet; non hai moita variedade polo que é o centro o que ten que adaptarse á oferta das editoras e non ó revés; préstanse á tentación do pirateo informático;...

Máis isto non quere dicir que nos pechemos en banda a este tipo de aplicacións. En realidade existe software comercial moi bo que en casos puntuais como poideran ser alumnos con NEE por exemplo, podería vir moi ben para traballar con eles, aínda que fora de forma individual e nun só equipo como nas aulas de PT, AL, algunha titoría,... Nestos casos consideraríase a adquisición deste tipo de materiais por medio dun acordo entre a dirección e o mestre interesado.

Está en proxecto tamén o de queimar un CD/DVD para cada ciclo cos contidos da Intranet correspondentes para poder executalo en portátiles e/ou aparellos que non teñan conexión á rede favorecendo así a dispoñibilidade das aplicacións ós mestres en calquera lugar do centro mentres non se complete o cableado da rede local.

VIII.- METODOLOXÍA NO TRABALLO COAS TIC

Traballar cun ordenador debe supoñer sempre unha planificación previa, e non dicirlle ó rapaz que acenda o equipo e mirar a ver "o que hai por aí". Por iso cada mestre debera elaborar unha programación propia que se axustase ás súas necesidades e que lle facilitará dun curso para outro o traballo facendo as modificacións necesarias, mantendo así unha liña de traballo propia para poder illa mellorando pouco a pouco.

8.1.- Aspectos xerais.

- Concreción de aspectos xerais entre todo o equipo a ter en conta á hora de intervir cos rapaces nos ordenadores.
- Establecemento dunhas normas básicas sobre procedementos, orde e limpeza dos materiais e da/s aula/s onde existan aparellos.
- Para os máis pequenos sería convinte aplicar unhas pequenas pegatinas de cores ás principais teclas do teclado como poideran se-las de "Intro", "Barra espaciadora" ou "Retroseso" para que vaian identificando máis facilmente a tecla coa acción que executa, polo que en vez de dicirlles que preman "Intro" dirémoslles que pulsen a tecla verde, por exemplo, para que a localicen máis facilmente e a vaian asociando coa súa acción.

8.2.- Antes de utiliza-los aparellos.

- Evita-las presas e non ir ó tolo.
- Estudiar ben os programas que queremos traballar e os seus contidos.
- Executar nós mesmos os programas que queremos traballar cos rapaces e rematar tódalas actividades que lles imos propoñer por se hai algunha sorpresa ou actividades non desexadas.
- Planifica-lo número de sesións e cómo se van organizar.
- Sobre todo, tratar de integra-lo traballo dentro das nosas

programacións e dos contidos do curso; non só un traballo aillado de informática.

- En consoancia co anterior, sempre que se poida, enmarca-lo traballo dentro de actividades máis amplas e de propósito máis xeral: actividades previas, actividades na aula e actividades posteriores.

8.3.- Mentres se usan os aparellos.

- A presenza directa e interacción do mestre cos rapaces será indispensable e tanto maior canto máis pequenos sexan os rapaces.

- Tratar sempre de, pouco a pouco, dar máis iniciativa ós nenos e que sexan cada vez máis autónomos e aprendan a traballar sós para que o mestre non sexa máis que un simple moderador e elemento de apoio en certas ocasións.

- Nas primeiras sesións perder moito tempo ó principio nas tarefas básicas de acendido e apagado, introducción e extracción correcta dos discos nos lectores, manexo do teclado e do rato, etc.

- Algunhas veces é imprescindible o uso de lapis e papel, sobre todo con aplicacións de matemáticas.

- Explicarlles sempre ós rapaces o máis claro posible o que pretendemos que fagan e os resultados que esperamos da súa interacción cos materiais/software.

8.4.- Ó remata-las actividades.

- Controlar todo o que o rapaz fixo durante esa sesión e facerlle ver que tódalas súas interaccións coa máquina están rexistradas e supervisadas polo mestre (na medida que nos permitan os programas).

- Facer anotacións propias sobre o desenvolvemento desa actividade: cousas interesantes, cousas que podemos modificar, problemas que surxiron, comentarios, etc.

- Avalia-lo desenvolvemento xeral da actividade en relación co

alumno/grupo de alumnos que a traballaron para poder modificar se é preciso as nosas próximas actuacións ou a programación a curto ou a medio prazo para ese alumno ou grupo de alumnos.

IX.- NIVEIS COMPETENCIAIS EN HABILIDADES INFORMÁTICAS

As habilidades que vaian adquirindo os nosos alumnos deben se-la consecuencia natural do traballo cos mesmos semana a semana ou mes a mes, e non o obxectivo inmediato a perseguir. Aínda así, haberá que facer un seguimento destas habilidades para corrixilas ou melloralas, se é o caso, e que os rapaces poidan saca-lo máximo rendemento do seu traballo de cara ó futuro.

O que se expón a continuación non pretende ser máis que unha especie de orientación xeral sobre o progreso que se pode obter pero, como sabemos, cada alumno é un mundo e a súa actividade e nivel de adquisición de competencias será distinta.

En cada un dos niveis exprésanse algunhas das competencias posibles, unha vez se consideren acadadas as dos niveis previos.

9.1.- Educación Infantil.

- Forma correcta e cómoda de usa-lo rato, control do seu movemento, diferencias entre as accións de pulsa-lo botón dereito ou esquerdo, picado e arrastre do punteiro, e dobre clic para executar programas.
- No teclado, uso das catro teclas do cursor para moverse dentro dos programas, e uso doutras teclas fundamentais como a de "Intro", "Retroseso" ou "Barra espaciadora" para executar certas accións dentro dos programas.
- Seleccionar certas iconas do escritorio para executar programas.
- Acender e apagar os equipos (CPU, monitor e altofalantes) correctamente.

9.2.- Primeiro Ciclo de Primaria.

- Localización das letras no teclado.
- Escritura de palabras sinxelas co teclado para superar actividades nalgúns programas.

- Uso das teclas "Mayúsculas (frecha arriba)" e "Bloq mayús" para obter as letras mayúsculas de xeito esporádico ou permanente respectivamente.
- Aprender a buscar aplicacións a través do menú "Inicio -> Programas".

9.3.- Segundo Ciclo de Primaria.

- Usa-lo botón dereito do rato para acceder ó menú emerxente de propiedades das iconas.
- Progreso na localización das letras no teclado e, como consecuencia, aumento na velocidade de escritura.
- Inicio na localización e uso dos caracteres do teclado numérico e outros símbolos básicos do teclado como poden ser as interrogacións, o punto, a coma, etc.
- Uso dun procesador de textos sinxelo coma o Wordpad ou o Bloc de Notas, seleccionando distintos tipos de fontes e tamaños.
- Uso dun programa sinxelo de debuxo de mapa de bits coma o "Paint"; trazado de liñas ó chou, recheo con cores e pouco máis.
- Inicio da navegación por Internet en páxinas propostas polo mestre; clicar en hiperenlaces, uso dos botóns "frecha adiante", "frecha atrás", "home", "deter" e "actualizar" do navegador.
- Saber manexarse con programas educativos de todo tipo.
- Ir aumentando progresivamente o vocabulario con relación ás TIC.

9.4.- Terceiro Ciclo de Primaria.

- Uso das teclas de función do teclado, (por exemplo F1=axuda).
- Inicio no uso da tecla "AltGr" para obter os caracteres da parte

inferior dereita dalgunhas teclas como poden ser a arroba, o símbolo do euro ou a barra invertida cara á esquerda, etc.

- Cortar, copiar e pegar fragmentos de texto ou gráficos.
- Mellora-lo uso da navegación en Internet.
- Uso simple do correo electrónico.
- ¿Participación en Chats?
- Manipular correctamente disquetes de 3 1/2 ou dispositivos de almacenamento masivo USB por medio do administrador de arquivos.
- Abrir e gardar arquivos da/na carpeta "Mis Documentos".
- Crear unha carpeta propia en "Mis Documentos" e gardar ou abrir alí algún arquivo.
- Manexo simple da cámara dixital do colexio.

X.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

Este proceso debe ser periódico e permanente, e permitiranos coñecer-la eficacia, grao de aplicación, participación, innovacións que podemos aportar, resultados dos logros acadados, dificultades atopadas, etc. no desenvolvemento do plan das TIC.

Pretendemos realizar actuacións en relación coa avaliación continua e final do plan. En relación co proceso, o grao de implantación e desenvolvemento do plan debe levar parello un seguimento que nos permita comproba-los avances e a adecuación das actuacións iniciadas, así como aprecia-las posibles deficiencias na súa posta en práctica. Este seguimento permitirá ter unha visión global de todo o proceso que nos informará do seu desenvolvemento e permitiranos corrixi-las posibles deficiencias. A avaliación final informaranos sobre o grao de cumprimento dos obxectivos e da realización e adecuación das actuacións levadas a cabo.

A avaliación realizarase en distintos momentos ó longo de todo o proceso de implantación, e como mínimo unha vez ó trimestre. Para iso utilizaranse procedementos tales como: cuestionarios nas actividades formativas, entrevistas con titores e especialistas, análise das distintas programacións sobre as TIC, observación de melloras nas calificacións dos rapaces,... O resultado destas actuacións permitiranos introducir modificacións na asignación de recursos materiais e software, cambios nas características do plan e, en definitiva, manter un plan vivo que se adecúe o máis posible á singularidade da nosa comunidade educativa.

----- ξ -----